

Pra que a ESCOLA sexa a CHAVE

STEG Opina

O STEG denuncia a denegación por parte da Consellería de Educación da homologación previa de actividade do XXXVI Encontro da Paz de Nova Escola Galega

O departamento que dirixe Román Rodríguez vén de denegar o trámite previo para a homologación de actividades formativas ao Encontro da Paz organizado polo movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega, baixo o título de “Palestina e xenocidio: educar na vida en tempos de xenocidio”, o que incumpriría, segundo dita resolución, a polémica Circular que a Consellería de Educación publicou a finais do curso pasado sobre “neutralidade ideolóxica”.

Esta manobra da Consellería constitúe, a xuízo do noso sindicato, un feito grave, que sitúa a Xunta fronte ao espello: este devólvelle unha imaxe deformada da realidade e do que é esa suposta neutralidade. A diferenza do que expresa o Feijóo nas dúas redes sociais (“*no estoy de acuerdo con los que insultan, ni tampoco con los que son insultados*” en relación aos insultos de Delcy Rodríguez), non facer nada perante unha agresión non é neutral, é poñerse do lado do agresor. Como xa defendemos en outras ocasións, as institucións educativas e o ensino público deben estar do lado do respecto aos dereitos humanos, os dereitos das nenas/os e o dereito internacional. Castigar un colectivo de renovación pedagóxica por profundar nun dos grandes crimes contra a humanidade do que vai de século e un dos xenocidios máis cruentos da Historia, que provocou centos de milleiros de asasinatos, nunha grande maioría deles, nenas e nenos indefensos é un acto de censura inaceptable.

Doutra banda, o STEG cuestiona que legalmente esta sexa unha decisión que se axuste á lexislación vixente en materia de formación educativa, pois a Orde que rexe ditas homologacións ten un rango superior a esta Circular que, doutra banda, estaba dirixida aos centros educativos. Só dende a ignorancia, a mala fe e o sectarismo político se pode entender esta decisión, que vulnera na práctica o traballo responsábel e comprometido de centos de docentes e membros da comunidade educativa que, dende hai máis de 40 anos (Educadores pola Paz fundouse en xaneiro de 1984), veñen loitando por un ensino público de calidade e comprometido cos mellores principios da paz, o entendemento e a tolerancia. As compañeiras e compañeiros de Nova Escola Galega levan 25 anos celebrando estes Encontros, que constitúen, aínda que o staff da Consellería pareza ignoralo, un referente nacional e internacional dos movementos da vangarda educativa. Alguén con sentido común debera avergoñarse deste tipo de lamentábeis actuacións.

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG 22 de abril de 2026